

MANUAL DE USO DE UNHA PEZA PARA CADA FESTA

Unha peza para cada festa está dividido en sete unidades temáticas. Ao premer co rato no título de cada unidade, aparece unha páxina de presentación, e á esquerda temos un menú con catro seccións ben diferenciadas. Tamén se pode navegar por todo o método premendo na ligazón "Anterior" ou "Seguinte", que aparece á dereita nas esquinas inferiores e superiores de cada páxina. A continuación explícase o funcionamento de cada unha das seccións:

- ✓ Un chisco de historia
- ✓ Letra
- ✓ Agora tocas ti
- ✓ Canto sabes?
- ✓ Xoga ao Samaín
- ✓ Manuais Técnicos

Un chisco de historia

Icona indicadora do comezo dun texto introdutorio sobre a festividade traballada. Esta imaxe ademais abre o documento pdf sobre a historia desta data sinalada



Ao finalizar esta sección atoparemos un apartado que contén este documento en formato pdf, para poder gardar ou imprimir o arquivo.




HISTORIA DESCARGABLE

- [Historia do Magosto \(Nova ventá\)](#)

Letra

Creamos unha imaxe coa letra da canción traballada. Se pulsas nela poderás descargar unha versión imprimible cun debuxo personalizado para decorar.



Ao finalizar esta sección atoparemos un apartado que contén este documento en formato pdf, para poder gardar ou imprimir o arquivo.



DESCARGA A LETRA DA CANCIÓN

- [Letra non chas quero \(Nova ventá\)](#)

Agora tocas ti

Comeza a sección máis musical do programa. Comeza a soar a canción que traballaremos para esta festa. Descarga a partitura, os audios e a gozar coa canción proposta!



PARTITURAS INTERACTIVAS

Neste apartado atoparemos un vídeo cunha partitura interactiva para cada un dos instrumentos do conxunto instrumental. Podemos ver o vídeo da partitura en pantalla completa.



PARTITURAS PARA IMPRIMIR

Descarga a partitura en pdf para cada un dos instrumentos do conxunto.



GUIÓN EDITABLE

Queres cambiar algo da canción e darlle o teu toque persoal? Aquí podes descargar o arquivo en .mscz (para executar co programa Musecore) e poder modificar todo o que necesites, para adaptalo ao teu grupo.




AUDIOS

Poderemos escoitar a interpretación da peza por cada un dos instrumentos do conxunto. Premendo sobre o símbolo de "play" escoitarase a audición correspondente. No reprodutor podemos subir o volume ou parar a reprodución utilizando o botón esquerdo do rato.



Axúntase o audio en mp3 de cada un dos instrumentos do conxunto para a súa descarga. Para descargar o arquivo debemos premer sobre o enlace co botón dereito do rato e seleccionar "Gardar destino como"



PLAYBACKS

Agora é a quenda para que o alumno/a interprete as partituras como solista, co acompañamento instrumental do resto da orquestra. Cada vídeo volve mostrar a partitura, pero agora cada un é o solista. Podemos ver o vídeo en pantalla completa.



Canto sabes?

Polo carácter primordialmente práctico do recurso Unha peza para cada festa, este apartado atoparemos actividades de reforzo e ampliación de cada unidade. Por exemplo:

Actividades de escolla múltiple. Neste caso, trátase de escoller a opción correcta de acordo co traballado na unidade en cuestión.

Se marcamos co rato a opción correcta, aparecerá a mensaxe en verde "Correcto".

Escolle a opción correcta

Como se chama a conmemoración que se celebra en Ourense o 11 de novembro, polo Magosto?

- Nadal
- Pascua
- San Martiño
- Entrudo

Actividades de Verdadeiro/Falso.

Verdadeiro ou Falso

Marca Verdadeiro ou Falso.

Existen zonas do agro galego que cultivan e recollen castañas como parte dos seus medios de sustento?

Verdadeiro Falso

Preguntas de selección múltiple nas que escollamos varias opcións correctas.

Selección múltiple (varias opcións correctas)

A pomba da paz é un símbolo pacifista por

- O Xénese
- A súa cor
- Picasso
- Pode voar

Actividades despregables, nas que poderemos escoller a palabra axeitada para encher o oco.

Actividade despregable

Le e completa

Celebrase nese día polo aniversario da morte de

Actividades de encher espazos baleiros coa palabra axeitada.

Actividades de encher espazos

Le o parágrafo seguinte e escribe as palabras que faltan.

Cando se fan as a xente soe por riba

Listas de obxectos e/ou feitos desordenados.

Lista desordenada

Ordena o proceso para preparar a auga coas Herbas de San Xosé

- Xuntar a auga de sete fontes diferentes
- Lavar a cara
- Recoller as diferentes plantas
- Meter as plantas na auga

Xoga ao Samaín

Neste apartado atopará un genially adicado a conmemoración celebrada

Manuais técnicos

Dende aquí terá acceso a toda a documentación relacionada coa Unidade.